

**Lei 2/1993, do 15 de abril, pola que se aproba unha disposición adicional á Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia**

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 351, do 5.12.1992.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 145, do 10.2.1993; BOPG núm. 373, do 20.2.1993.

Emendas, BOPG núm. 379, do 6.3.1993.

Debate e aprobación polo Pleno en lectura única, DSPG núm. 149, do 9.3.1993.

Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 388, do 30.3.1993.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 75, do 22.4.1993.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 112, do 11.5.1993.

## **Lei 2/1993, do 15 de abril, pola que se aproba unha disposición adicional á Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia**

A Lei de escalas da Comunidade Autónoma de Galicia non recolleu no texto aprobado polo Parlamento de Galicia unha disposición adicional que regulase a integración nas escalas da dita lei dos funcionarios que prestan os seus servizos na Administración autonómica.

Dado que o precepto é indispensable para garanti-los dereitos dos funcionarios ós que se refire o dito corpo legal, procede a tramitación do correspondente proxecto de lei que regula a mencionada integración.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se aproba unha disposición adicional á Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia.

Artigo único

Modifícase a Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de

determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia, á que se lle engade unha disposición adicional co contido seguinte:

«Facúltase a Xunta de Galicia para que por decreto efectúe a integración nas escalas e especialidades creadas na presente lei dos funcionarios de carreira que, reunindo os requisitos de grupo e titulación, estivesen desempeñando, segundo as relacións de postos de traballo, as funcións propias das referidas escalas e especialidades e, se é o caso, dos funcionarios de carreira pertencentes a corpos creados pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.»

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 1993

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente